

Safari

MAITE CARRANZA

Ilustracións de Manuel Ortega



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
INFANTIL



Safari

Maite Carranza

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Infantil segundo o ditame do xurado formado por: Teresa Colomer, Ángeles González-Sinde, Toni Iturbe, Roberto Santiago e Vicenç Villatoro.

© Texto: Maite Carranza, 2019
Ilustracións: Manuel Ortega, 2019
© Tradución: María Xesús Gómez

© Ed. Gal.: Rodeira, 2019
Rua Rafael Alberti, 11, baixo
15008 A Coruña
www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41
contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte
Editora de literatura infantil: Elena Valencia
Deseño da colección: Book & Look

Primeira edición, marzo 2019

ISBN: 978-84-8349-576-6
Depósito legal: B. 5523-2019
Impreso en España
Printed in Spain
EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Para o meu sobriño Salvador,
que coñece e comprende os animais.*

PRIMEIRA PARTE

1

Na selva

Non sei onde estou.
Non vexo nada, dóeme moito a cabeza, case nin podo movela, e sinto un zunido seguido, coma se ma estivesen cortando cunha motoserra.

Sorry, rectifico, creo que me confundín.

O ruído non é exactamente o dunha motoserra —non son experto en motoserras—. Diría que soa a algo así como a griñidos dun animal —tampouco son experto en animais—.

Aínda que pensándoo ben... Un animal?

Non pode ser, pero é, soa ao ruxido xordo dun can rabioso antes de atacar.

Quero pensar, pero non son quen. Sospeito que levei un bo trancazo, por iso teño un croque na testa e varréuseme a memoria. Por máis que me dea volta á cabeza non sei quen son nin como me chamo. O único recordo que conservo é o dunha moza encantadora que sorrí, fala sen parar e chámase Mary Jo, diso estou seguro. Cando penso nela éncheseme a boca dun sabor doce, coma chocolate, e sinto desexos de abrazala aínda que non estea comigo, creo que é un recordo bonito.

De súpeto, algo me agarra do brazo e un ouleo, desta volta moi preto, tan preto que o alento me queima a pel, obrígame a abrir os ollos.

Vólvoos pechar aterrado.

É unha besta salvaxe, a media cuarta da miña cara, ulíndome. Vin un fociño enorme e uns dentes longos e afiados, sinto a súa respiración na miña fazula esquerda e a calor do seu corpazo enorme sobre a miña camiseta.

Debe de ser un soño, dígame moi convencido, e volvo abrir os ollos, coma cando me

ergo polo medio da noite sen conexión co mundo real, morto de sede, e vou aos tom-bos polo corredor da casa, camiño da cociña, sen estar seguro de se estou durmindo ou esperto.

Desta volta non, non é un soño. Estou de-baixo dun bicho enorme, peludo e terrorífico que parece... un mono xigante. Sei que é un mono porque ten a mesma cara que King Kong, o da película. Ou son primos irmáns.

E son a súa presa.

«Mellor non me movo a ver se non lle acorda que estou aquí», penso, e quedo quietiño, sen respirar.

A tranquilidade pouco me durou. Noto como se lle pon o pelo de punta, dispáraselle o corazón —que bombea coma un tambor tic tac, tic tac— e comeza a abanar cara a diante e cara a atrás. E, sen avisar —que case quedo xordo—, bota uns berros espantosos.

Doume conta de que a cousa se pon fea e de que vai en serio. O animal, que me quere papar, está rodeado doutros moitos que be-

rran, petan no peito e achéganseme perigosamente.

Pois vaia movida!

Está clarísimo. Están a discutir para ver quen me come.

E de golpe, acórdome de todo. Do meu nome, do meu hámster, de que me perdín na selva africana, de que estou só, de que non podo berrar, nin pedir axuda.

E agora que fago? Que fariades vós no meu lugar?

Desculpade.

Seguro que non entendedes nada e que vos debedes estar preguntando quen carafío son eu e que fago no medio da selva debaixo das gadoupas dun mono famento a piques de me devorar.

E tedes toda a razón.

O mellor será que empece polo principio e que vos explique o da miña familia, os leóns e Mary Jo.